

O BNG incorpórase ao
gobierno do Porriño
Páxina 3

Noemí Fernández
representará a España no
"Tour Music Fest" en
Roma
Páxina 5

25 Entidades de Salceda
reciben 92.051,40 €
do Concello
Páxina 6


Novo vehículo da Policía
local en O Rosal
Páxina 8

Conmemoración do 97
aniversario dos sucesos
de Sobredo
Páxina 10

A Guarda recibe 2 flores
de honra de Vilas en
Flor
Páxina 14

Costas do Estado remata a escollera provisional de protección da praia Lamiña-Forte

Páxina 12







Arbo

Ponteareas

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Festival de Cans percorre Bruxelas, París ou Londres

O Festival de Cans comezou o 13 de novembro en Bruxelas un percorrido internacional que o levará a estar presente nos vindeiros meses en cidades como París ou Lisboa.

O certame porriñés pretende con estas proxecións abrir un circuito por diferentes países, co que poida darlle visibilidade internacional ás novas e novos cineastas premiados nas últimas edicións. Este percorrido internacional, que tivo unha cita previa no mes de agosto no Teatro Valadares de Caminha en Portugal, arrancará con forza este mércores no Cinema Aventure de Bruxelas, co apoio da Asociación Couto Mixto, continuará no mes de decembro en Lisboa, co apoio da Asociación Xuventude de Galiza e e prolongarase ata o mes de febreiro, onde as curtametraxes premiadas do Festival de Cans se proyectarán



na prestixiosa Université Sorbonne de París. Estas son as cidades pechadas polo momento, pero o Festival de Cans continúa facendo xestións para ampliar este circuito e que as obras poidan chegar a outras grandes cidades como Londres, Barcelona ou Berlín.

Ao longo dos case dezasete anos de traxectoria do certame, o Festival de Cans ten

pasado por numerosas cidades españolas como Madrid, Barcelona, Oviedo ou Bilbao, e por festivais de diversos países onde foi dando a coñecer o traballo de moitas realizadoras e realizadores novos, como o Shootme Festival en A Haia (Holanda), o Motovun Film Festival en Croacia ou o Festival de Douarnenez, na Bretaña francesa.

O Festival de Cans suma un día máis á celebración

O Festival de Cans sumará un día máis de programación na súa XVII edición que se celebrará do 19 ó 23 de maio de 2020. Deste xeito, o certame arrancará un día antes do previsto, para extenderse durante cinco días, fronte ós catro que viña tendo ata agora, e

rematar no penúltimo sábado de maio, habitual Día Grande do festival.

Nas últimas semanas, a organización do Festival de Cans traballa intensamente na preparación da programación da XVII edición, e na presenza de numerosas actividades como o ciclo de

cine Cans todo o ano na Sala Ingrávida, a sesión de curtas premiadas nos Cinema Aventure de Bruxelas, a presenza no Encontro Cultura y Ciudadanía de Madrid ou as mesas de Proxecta, a Coordinadora de festivais, no Festival Cineuropa de Compostela.

Reparadas as humidades no acceso ao pavillón e no ximnasio

A reparación das humidades no acceso principal ó Pavillón 1 do Polideportivo Municipal xa están rematadas. Tamén pudo reabrirse o ximnasio sito debaixo que padecía filtracións e permaneceu pechado ata que consumaron as obras de reparación do acceso.

As obras financiáronse cunha achega de 41.503 € aportada pola Deputación de Pontevedra con cargo ó Plan Concellos 2018/2019. A reforma foi executada pola firma "Revcom Energías Renovables SL".

O colectivo de persoas inscritas en ximnasia de mantemento xa voltaron a utilizar o ximnasio do mesmo xeito que a Garda Civil que o empregan por convenio co Concello.

Neste local, situado debaixo



do acceso, colocouse unha superficie de espuma para aíllar do parquet que atópase deteriorado polas humidades. "En breve trocaremos ese solo de parquet o que intenteramos que se faga nun fin de semana para aminorar molestias ós usuarios", manifestou o concelleiro de Deportes.

Seguen as conversas para solucionar a travesía de A Vaqueira

Pedro Pereira, concelleiro de Infraestruturas mantivo reunións coa Xunta de Galicia e logo cos veciños de A Vaquería para revisar como vai o proxecto de mellora da seguridade viaria nesa travesía da estrada PO 510 ó seu paso por Budiño.

O primeiro tenente de alcalde comentou que "aínda non temos avances sustanciais". A Xunta de Galicia mantén a súa proposta de

resolver o problema mediante un vial que conecte a PO-510 coa Autovía A-55.

Unha solución de semellante natureza que carece de momento de dotación económica nos Orzamentos Xerais de Galicia para 2020 requirirá establecer acordos co Ministerio de Fomento para realizar a pretendida conexión e cos empresarios do Polígono de A Granxa para resolver os accesos a fábricas e empresas afectadas.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

O BNG incorpórase ao goberno do Porriño



A alcaldesa Eva García presidiu a primeira reunión de traballo dos seis concelleiros do goberno municipal de coalición formado por PSOE e BNG.

Esta primeira reunión foi valorada pola alcaldesa como “fluída e moi constructiva”.

A alcaldesa detallou que “puxemos en antecedentes ós novos compañeiros de goberno sobre as actuacións en marcha, especialmente nos asuntos que van ser competencia deles para que vexan como están como por exemplo os actos para o 25N Día contra a Violencia de Xénero así como os preparativos para Festas de Nadal”.

Estas reunións de traballo do equipo de goberno coaligado vanse

celebrar semanalmente para establecer liñas de actuación conxuntas.

Pedro Pereira e Cami Moreira incorporáronse xa de xeito efectivo ó goberno municipal.

Segundo o pacto de goberno de coalición que se firmou o pasado 15 de outubro, Pedro Pereira é o primeiro tenente de alcalde e Lourdes Moure, voceira socialista ocupa a segunda tenencia de alcaldía.

Ademais Pedro Pereira asume as competencias de Urbanismo, Infraestruturas, Ordenación do Territorio, Movilidade e Xestión de Traída de Augas.

Pola súa banda Cami Moreira levará Cultura, Festas, Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística.

Inscrición para a I San Silvestre Solidaria Concello do Porriño

O Concello do Porriño anuncia a apertura das inscricións para a primeira edición da carreira “San Silvestre Solidaria” que se disputará o 30 de decembro.

Terá un percorrido moi accesible, urbano, de tan só de 3 quilómetros e estará aberta a todas as idades.

O comezo da carreira será ás 20.00 horas con saída desde a praza do Concello. Todos os corredores/as deberán colocarse na zona de saída alomenos 10 minutos antes do comezo da proba.

Perséguese un fin solidario de xeito

que todos os corredores/as deberán traer 1kilo de alimentos non perecedeiros, que se destinarán ó Banco de Alimentos. Haberá unha estancia debidamente sinalada para deixar os produtos.

No que atinxe os premios, haberá agasallos para o corredor/a máis lonxevo; para os que terminen nas seis posicións elixidas o azar (comunicaranse por esta canle as posicións antes da proba). E tamén serán galardoados o primeiro corredor e primeira corredora do Concello do Porriño.

O peche das inscricións rematará o 25 de decembro.

VI Edición do Torneo de Nadal Xadrez Mos Sub-2200

Os próximos 28 e 29 de Decembro, o Club Xadrez Mos organiza a VI edición do Torneo de Nadal Sub-2200. O Centro Dotacional de Torroso acollerá a 100 participantes chegados de Galicia e Portugal nunha das últimas probas deste ano 2019.

Do mesmo xeito que a pasada edición, tratarase dunha proba de partidas clásicas, válidas para Clasificación Internacional, con ritmo de reflexión de 60 minutos por xogador/a.

nutos por xogador/a.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o mércores 25 de Decembro, ou ata cubrirse un aforo máximo de 100 xogadores/as.

A inscrición é gratuíta para os xogadores e xogadoras do Club Xadrez Mos, e ten un custo de 8€ para o resto de participantes, sendo obrigatorio estar federado na tempada 2019 para poder participar na proba..



LOURIÑA

O PORRIÑO

O Porriño participou no VII Foro de Participación Infantil de Galicia

A infancia de O Porriño participou a través de dez alumnos e alumnas de cinco centros docentes da vila, no VII Foro de Participación Infantil de Galicia que se celebrou Parlamento Autonómico.

O alumno Francisco Javier Jiménez Gabarres, foi o orador elixido pola delegación porriñesa para intervir no pleno. O rapaz, alumno do CEIP da Ribeira falou sobre pobreza. Solicitou melloras nos comedores escolares, a implantación de mediadores sociais para eliminar o fracaso e absentismo escolar e a extensión da internet, especialmente nos núcleos rurais para igualar o acceso ás novas tecnoloxías.

No pleno infantil celebrado no Porriño o pasado venres 15 determinouse a composición da delegación que acudiu



ó Parlamento Galego que estivo formada polos alumnos elixidos dos seguintes centros educativos: Santo Tomás, Aceesca, Hermanos Quiroga, CEIP da Ribeira y CEIP de Atios. Asimesmo integraron a delegación a concelleira de Educación, Lourdes Moure, os técnicos da OMIX e tamén un profesor de cada centro en condición de acompañantes.

O obxectivo desta actividade promovida por UNICEF é dar voz a nenos e nenas de distintos concellos galegos para que logo do traballo realizado nos seus Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescente, aporten o pleno autonómico a súa visión de como as cuestións que son da súa preocupación e interese se ven reflectidas nas súas.

Cine contra as violencias sexuais, nos centros de ESO

Cami Moreira, a nova concelleira de Igualdade fixo a súa estrea nun acto público como membro do goberno municipal, presidindo a actividade formativa de prevención contra as violencias sexuais para estudantes de O Porriño. O acto celebrouse no Círculo Recreativo e Cultural.

Trátase dunha actividade concertada cos centros de ESO "Hermanos Quiroga", "Ribeira do Louro", "Pino Manso" e "Santo Tomás" promovida polo Concello de O Porriño a través da Concellería de Igualdade.

A nova concelleira de Igualdade agradeceu ós estudantes que participaron a súa asistencia e pediu ós mozos e mozas que "presten atención



ós machismos e micromachismos que aparecen na sociedade de forma soterrada". Cami Moreira insistiu ás chicas que "decir 'non' é 'non' e non debe incomodarlles" e que "reflexionen como queren establecer as súas relacións persoais", manifestou a edil nacionalista do goberno municipal.

A sesión denominábase

"Contra as Violencias Sexuais: Narrativas e Representación Audiovisual". Prantexou o cine como ferramenta para a prevención e sensibilización contra a violencia de xénero nos centros educativos.

O dúo "Towanda Rebels" que forman as actrices Teresa Lozano e Zua Méndez protagonizou a sesión formativa.

O Concello alumeado en azul polo Día da Infancia



O serán do pasado 20 de novembro a casa do concello quedou alumeada en cor azul como adhesión ó Día da Infancia, unha acción promovida pola UNICEF.

Celebranse trinta anos da

Convención dos Dereitos do Neno. Por tal razón, Porriño declarada desde 2018 "Cidade Amiga da Infancia", sumouse a efeméride, seguindo a chamada #GaliciaDeAzul lanzada pola UNICEF para conmemorar ese aniversario.

Acto institucional do 25N



Este 25N tivo lugar unha concentración diante do Concello do Porriño na que se lembrou ás 52 mulleres asasinadas este ano vítimas da violencia machista e leuse

un manifesto, lectura iniciada pola alcaldesa Eva García e concluída pola concelleira de Igualdade Cami Moreira. Tamén se realizaron diversas intervencións artísticas.

O PORRIÑO

Noemí Fernández representará a España no “Tour Music Fest” en Roma

A cantante porriñesa de tan só 17 anos acadou participar na final do “Tour Music Fest” superando a máis de noventa concursantes procedentes doutras comunidades na proba nacional que se celebrou en Madrid. Noemí gañou coa súa interpretación de “Rise up” na que tamén tocou o piano. Noemí competirá en Roma o vindeiro 7 de decembro cos representantes do Reino Unido, Italia, Malta e Suíza.

Se Noemí gaña en Roma

acadará unha beca universitaria para continuar os seus estudos musicais en Estados Unidos ademais dun premio en metálico de 10.000 euros, a grabación dun single, un videoclip e unha xira promocional.

Por outra banda, a alcaldesa confirmou que Noemí Fernández vai participar no encendido do alumeado de Nadal previsto para o vindeiro 3 de decembro así como na festa “pre-fin de ano” do 30 de decembro e na festa de Reis en xaneiro.



Entrega de 60 composteiros individuais



Un grupo de mestres composteiros do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra impartiron ós veciños e veciñas asistentes unha charla informativa sobre a compostaxe, previa a entrega dos composteiros entre os peticionarios. Os sesenta veciños que solicitaron composteiros estaban convocados no Multiusos de Torneiros.

Despois da charla, os mestres explicaron como se realiza a montaxe dos composteiros que se entregaron embalados e que estaban almacenados no Multiusos.

O Concello recibiu 80 com-

posteiros individuais do Plan Revitaliza para o seu reparto. Como quedaron composteiros sen adxudicar e agardase que haxa maior demanda, “a vindeira semana abriremos un novo prazo de solicitudes para pedirlos que prolongaremos ata xaneiro”, anunciou Sergio Casal, concelleiro de Medio Ambiente.

O desenvolvemento da compostaxe no concello de O Porriño e a vinculación da veciñanza co tratamento e reciclaxe dos residuos orgánicos foi unha tarefa iniciada no anterior mandato municipal polo ex concelleiro Orlando Marquez.

Bingo musical para maiores no Pavillón

Os concelleiros do goberno municipal, David Alonso e Sergio Casal asistiron coa deputada provincial de Cohesión Social, Olga García a unha actividade musical para persoas maiores usuarias do Servizo de Teleasistencia domiciliar dos concellos de Mos e Porriño. É unha iniciativa promovida pola Deputación Provincial de Pontevedra que se desenvolveu no Pavillón Municipal porriñés.

Tratouse dun bingo musical no que os participantes, ó redor de 25 usuarios, tiñan que recoñecer ben a canción ou ben ó interprete de cada tema ata cantar liña e logo bingo.



Os concelleiros e a deputada repartíronse entre os maiores e compartiron con eles o xogo. Segundo explicou o persoal do servizo de teleasistencia é un xeito de estimulación cognitiva e para interacción entre maiores.

David Alonso, na súa condición de concelleiro de Servizos Sociais informoulles que o Concello de O Porriño vén de aprobar no derradeiro pleno ordinario o contrato do Servizo de Axuda no Fogar, licitado en 2 millóns de euros.

Obradoiro de manualidades e moldeado

A partir do venres 8 de novembro desenvólase o obradoiro de manualidades e moldeado “Faino tí” que se enmarca no programa “Tecendo Lazos”.

As sesións serán todos os venres, ata o 20 de decembro, entre as 17:00 a 19:30 horas,

no Centro Cívico do Porriño. Neste obradoiro interxeneracional participan persoas de entre 6 e 80 anos. Algunhas das mesmas familias e de diversas xeracións.

Neste obradoiro realizaránse actividades de expresión plástica e traballos manuais a tra-

vés da reciclaxe e da reutilización de materiais, co que se promoverá o respecto polo ambiente e o desenvolvemento da creatividade e da imaxinación, e ademais se fomentará o traballo en equipo entre todos os participantes.

Publicadas as bases para o II Concurso de Rondallas

Na páxina web do Concello (oporrino.org) xa están publicadas as bases do II Concurso de Rondallas Concello do Porriño así como o formulario da solicitude de inscrición para os grupos interesados en participar.

A Concellería de Festexos organiza esta segunda edición que terá lugar o día 1 de xaneiro, a partir das 18 horas no Pavillón de Deportes. Poderán participar agrupacións que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120. O número máximo de agrupacións límitase a dez.

Como único criterio de se-

lección establécense a orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello do Porriño. Terán sempre preferencia as agrupacións locais independentemente da orde de inscrición. As inscricións para este concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello dende o 2 ao 13 de decembro.

Os premios do concurso serán 1.500 euros, para a primeira rondalla clasificada; 1.000 euros, para a segunda e 500 euros, para a terceira. Ademais a rondalla gañadora terá que actuar un día a convir por ambas partes durante as festas de Nadal nas rúas do Porriño.

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

25 Entidades de Salceda reciben 92.051,40 € do Concello

Vintacinco entidades veñen de asinar co Concello os convenios de colaboración deste ano 2019 que lles permitirán percibir as axudas destinadas a colaborar na sufragación dos gastos que as entidades tiveron ao longo do ano, e que no mes de decembro terán que xustificar ante o Concello. No acto de sinatura, a alcaldesa Loli Castiñeira estivo acompañada dos concelleiros de cultura e deportes, Alex Rodríguez e Rubén González, e da concelleira de ensino e benestar social, Gela Ledo.

O Concello destina un total de 92.051,40 € para estes colectivos, asinando convenios cos oito centros culturais existentes no municipio (900 €), os dous coros (700€), as catro asociacións de veciños (400€), os entroidos de Barreiro e Feira (1.600 €), a Asociación de Amigos e Amigas da Música

de Salceda (22.000 €), o CEP Altamira (1.200 €), o IES Pedras Rubias (2.400 €) e a Asociación de Xubilados e Pensionistas (3.000 €).

No eido deportivo, 22.551,40 € son para as Escolas Deportivas, 18.000 € para o Caselas C. F., 4.550 € para os Clubes de Balonmán e Baloncesto e 400 € para o Club Ciclista Aragonta.

Os convenios pretenden ofrecer un importante apoio ás diferentes asociacións, xa que todas elas realizan unha enorme actividade ao longo de todo o ano, que fai que Salceda sexa coñecida pola multitude de opcións de ocio durante os 365 días do ano.

As subvencións de maior importe son as que reciben a Asociación de Amigos e Amigas da Música, que engloba a Escola de Música de Salceda así como a Banda de Música, movendo en total máis de 400



Loli Castiñeira con Alex Rodríguez (Concelleiro de Cultura e Mocidade) Rubén González (Concelleiro de Deportes) e Gela Ledo (Concelleira de Ensino e Benestar Social) asinan os convenios.

rapaces de tódalas idades, e as Escolas Deportivas, que no seu caso moven cerca de 500 persoas.

Loli Castiñeira, alcaldesa de Salceda, destacou que “cada euro investido nas asociacións culturais e veciñais é un euro ben investido. O Concello non ten capacidade para levar programación cultural e deportiva ás sete parroquias, e isto súplese co

apoyo ás asociacións existentes en cada unha delas, que se encargan de realizar esa tarefa. No referente ao eido educativo, non nos podemos esquecer que estamos a falar dunha competencia autonómica, non municipal, na que o Concello fai unha importante aportación económica para que os nosos nenos e nenas poidan disfrutar da mellor calidade no ensino”.

Salceda recibe 250.000 € para atender a 100 desempregados

O Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellaría de Emprego e Formación que dirixe Verónica Tourón, está a poñer en marcha un Programa Integrado de Emprego, para o cal ven de recibir unha subvención de 250.000 € por parte da Xunta de Galicia. O plan acollerá a 100 persoas desempregadas de sectores diversos: discapacidade, risco de exclusión social, menores de 30 anos con baixa cualificación e cualificadas, maiores de 45 anos, persoas desempregadas perceptoras de prestación, subsidios por desemprego e RAI, mulleres, etc., presentando un obxectivo de inserción laboral dun mínimo do 40% das persoas participantes.

As persoas beneficiarias participarían nun mínimo de cinco accións individuais e tres accións de distinta natureza de xeito activo durante os 12 meses de duración do programa. Ademais da formación que se agrupa en catro itinerarios formativos: Administración e atención ao cliente, almacén, produción industrial e hostalería, ademais prácticas en empresas da zona coas que o Concello establecerá convenios de colaboración para cumprir co compromiso de inserción marcado. Para poder acceder ao Programa, as persoas interesadas deben pertencer a algún dos colectivos mencionados, estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e estar empadroadas en Salceda de Caselas.

O programa e as técnicas estableceranse no Centro de Desenvolvemento Local do Torrón, onde deben dirixirse as persoas interesadas.

15 persoas beneficianse do programa “Cultiva a mente”

O Concello de Salceda de Caselas, en colaboración con AFAGA e coa financiación da obra social de Caixabank está a desenvolver unha nova edición do programa “Cultiva a mente”, un proxecto que engloba a prevención da demencia e a promoción de hábitos saudables a nivel cognitivo e emocional. As persoas participantes fano dun xeito activo, inmersos/as nun programa formativo que explora as preocupacións e necesidades de cada unha, proporcionando unha resposta que sexa extrapolable ó seu día a día e proporcione

hábitos saudables no plano cognitivo e no afectivo.

A Alcaldesa Loli Castiñeira xunto coa tenente alcaldesa Verónica Tourón, a Concelleira de Benestar Social Gela Ledo, o director da oficina de Caixabank en Salceda de Caselas e o presidente de AFAGA, visitaron a actividade para saudar ás persoas participantes e agradecerlles a súa participación no programa. As persoas asistentes trasladáronlles unha valoración moi positiva da actividade, e aproveitaron para demandar que se realice durante máis tempo, por ser unha actividade considerada de moito proveito



para todas elas.

O programa vai dirixido ás persoas maiores de 55 anos sen deterioro cognitivo, interesadas na prevención deste deterioro e no coñecemento do envellecemento activo.

Realízase os xoves no centro Social da Devesa a cargo de AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia), grazas á financiación da entidade Caixabank.

Nadal 19-20

XOVES 5 DECEMBRO

18:00 A bailar no Nadal. Praza da Devesa
19:00 Acendido do alumeado de Nadal e actuación de XIA. Praza da Devesa

VENRES 6 DECEMBRO

16:30 Día Internacional do Voluntariado. Praza do Concello

SÁBADO 14 DECEMBRO

20:00 Teatro "Fillos do Sol". Entrada de Balde. Auditorio Municipal

DOMINGO 15 DECEMBRO

Festival dos maiores. Asoc. de xubilados e pensionistas de Salceda. CSS A Devesa (Consultar programación)

SÁBADO 21 DECEMBRO

20:00 Audición da Escola de Música de Salceda. Entrada de balde. Auditorio Municipal

DOMINGO 22 DECEMBRO

Papañolada Moteira. Motoclub A lo loko (Consultar programación)
18:00 Festival de Panxoliñas. Auditorio Municipal
19:00 Visita do Apalpador. Praza do Concello

XOVES 26 DECEMBRO

17:00 Pequeno Circo de Nadal. Praza do Concello (Consultar programación)

VENRES 27 DECEMBRO

17:00 Pequeno Circo de Nadal. Praza do Concello (Consultar programación)
IX San Silvestre Solidaria (Consultar programación)

SÁBADO 28 DECEMBRO

17:00 Pequeno Circo de Nadal. Praza do Concello (Consultar programación)
20:30 Concerto de Nadal da Banda Cultural de Salceda. Auditorio Municipal

DOMINGO 29 DECEMBRO

12:30 Presentación do libro "Camión con historia" de Alejandro da Cuija Fernández, "Cuiji". Auditorio Municipal.
16:00 II Xuntanza de Ranchos Tradicionais. Praza do Concello

SÁBADO 4 XANEIRO

17:00 Concerto de Mais'ón Fire. Praza do Concello

DOMINGO 5 XANEIRO

18:00 Cabalgata de Reis con chegada á Praza do Concello

OUTRAS ACTIVIDADES

Exposición de pintura da ANPA Altamira. Casa da Cultura Castela. Do 23 de decembro ao 13 de xaneiro.

BAIXO MIÑO

A Concellería de Benestar de Tomiño organiza, en colaboración con AFAGA, un curso para coidadores de persoas dependentes

A Concellería de Benestar do Concello de Tomiño organiza, en colaboración con AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia), un curso destinado a coidadores e coidadoras de persoas dependentes.

As clases, repartidas en catro sesións de dúas horas cada unha, están a cargo do psicólogo de AFAGA Gonzalo Soliño, que explica que “o rol de coidador dunha persoa en situación de dependencia, xera un importante desgaste a nivel físico e emocional, que mal xestionado pode derivar en sintomatoloxía ansiosa ou depresiva”.

As continuas situacións de



tensións e sufrimento emocional ás que están expostos os coidadores fan que aumente considerablemente o risco a padecer diferentes problemas de saúde. “O obxectivo deste taller é concienciar aos coidadores da importancia de coidarse a un mesmo para poder coidar, así como proporcionar estratexias que fo-

menten o auto coidado”, comenta a concelleira de Benestar, Cristina Martínez.

Desta maneira, as persoas que asisten ao Obradoiro realizan dinámicas (xogos, exercizos, simulacións, etc.) nas que se traballa o coidado da saúde, a xestión de tempo, o manexo das emocións e a resiliencia.

Novo vehículo da Policía local no Rosal



Desde o pasado 18 de novembro, O Rosal conta cun novo vehículo de Policía Local para tarefas ambientais na súa flota.

Tras o proceso de licitación pública pertinente, súmase ó equipamento do Concello un Citroën C5 Aircross.

Na entrega do mesmo estiveron presentes Jose Manuel Cores Tourís, Delegado Territorial da Xunta de Galicia, Marta Fernández-Tapias Núñez, directora xeral de Administración Local, Ánxela Fernán-

dez Callís, alcaldesa do Rosal, Germán Fernández Rodríguez, Concelleiro de Tráfico, un representante da entidade adjudicataria, a concelleira do PP María del Carmen Alonso e o corpo de Policía Local do Concello do Rosal.

A adquisición deste vehículo, financiado pola Xunta, ven derivada da sinatura dun Convenio de Colaboración entre Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello do Rosal, asinado en xullo.

Aberto o prazo de presentación de candidaturas para a Gala do Deporte Tudense 2019

O Concello de Tui vén de abrir o prazo de presentación de candidaturas para a Gala do Deporte Tudense 2019. A oitava edición deste evento terá lugar o venres, 28 de febreiro, ás 20.30 horas, no Teatro Municipal de Tui.

Este evento ten coma obxectivo recoñecer o traballo realizado polos distintos deportistas e clubs tudenses, nas distintas categorías establecidas polo xurado, deportista masculino e feminino, deportista masculino e feminino promesa, deportista masculino e feminino sub23, deportista masculino e feminino adaptado, deportista masculino e feminino veterano, club deportivo e club deportivo na promoción do

deporte base, adestrador, firma comercial e entidade colaboradora co deporte.

Até o martes, 10 de decembro, pódense presentar as candidaturas enviando un correo electrónico a deportes@tui.gal, coa persoa, club, ou entidade proposta coa categoría correspondente, xunto ao currículo deportivo do ano 2019.

No transcurso da VIII Gala do Deporte Tudense, ao igual que nos últimos anos, realizaranse distintas homenaxes a persoas que marcaron un antes e un despois na historia deportiva do concello. Do mesmo xeito haberá un recoñecemento ás e aos deportistas tudenses que participaron nos campionatos do Mundo e de Europa neste ano 2019.

Xornada contra a violencia de xénero no Rosal

O 24 de novembro celebrouse a Xornada contra a violencia de xénero que tivo como invitados a Joshua Alonso Mateo e Miriam Ferradáns, que presentaron o libro *No camiño do vento*, obra póstuma de Sesé Mateo, vítima de violencia de xénero no 2017.

Sesé Mateo foi asasinada en 2017 pola súa exparella, que provocou un incendio na súa casa de Chapela. Nesa casa destruída, sobreviviu milagrosamente un caderno de poemas feministas escrito por Sesé. Con todo ese traballo editouse un libro, *No camiño do vento*, da man dos seus fillos e de mulleres vinculadas ao mundo da cultura.

A continuación foi a entrega



dos premios os gañadores do III Concurso de haikus convocado polo Concello do Rosal.

Laura Álvarez González foi a gañadora do Haiku na categoría de adultos, Ángela Portela Rodríguez na categoría xuvenil, e Elisa Morgado Rodríguez na modalidade infantil.

Finalmente como remate á xornada, Su Garrido, cantante, música e compositora galega fíxonos desfrutar do seu repertorio musical na sesión vermú ca que pecharon o acto.

Obradoiro interxeracional de bailes e cancións en Oia

Oia acollerá o mes de decembro un obradoiro interxeracional de bailes e cancións, que se desenvolverá en Torroña no marco do programa Tecendo Lazos da Deputación de Pontevedra.

A actividade celebrarase baixo o título “Bailes e cancións de agora e de sempre” e vai dirixida a persoas adultas e menores a partir dos 6 anos. As sesións terán lugar os días 23, 26, 27 e 30 de decembro nas Escolas de Torroña, en horario de 10.00 a 14.00 horas.

As persoas interesadas en participar neste obradoiro poden inscribirse no Concello de Oia (986.36.21.25) ata o 13 de decembro.

Tui, o Camiño do Nadal, o camiño natural

Tui celebra o Nadal cunha programación na que aposta pola reciclaxe, a economía circular e a intectividade

Tui, Camiño do Nadal, o camiño natural" é o lema baixo o que se celebra este ano a programación de Nadal en Tui. Dende o concello de Tui apóstase por un amplo programa de actividades dirixidas a público de todas as idades que se van celebrar dende o domingo, 1 de decembro, até o 5 de xaneiro.

Acendido do alumeado de Nadal

O acendido da iluminación de Nadal marcou o inicio da actividade festiva que xira este ano entorno ao medio ambiente e ao patrimonio natural, histórico e inmaterial da cidade.

Na praza da Inmaculada, o domingo, 1 de decembro, ás 19.30 h, tivo lugar o acendido simbólico da iluminación. Na

propia praza sitúase unha gran caixa de agasallo. Diferentes motivos de Nadal en luces led iluminarán as distintas rúas tudenses, o conxunto histórico e este ano haberá tamén un arco luminoso na entrada de cada unha das parroquias tudenses.

A Rondalla O Mosteiro de Pexegueiro, integrada por máis de 70 persoas encargouse da animación musical neste primeiro día da programación de Nadal.

Decoración nas rúas e prazas

Luce xa a decoración especial creada para a ocasión con material de refugallo e con motivos vinculados ao Camiño de Santiago ou a películas infantís. Estará situada nas prazas

do Concello, San Fernando, a Armada e Fromista, e nas rúas Ordóñez, Ourense e Colón e noutros puntos da cidade.

Unha árbore de madeira co nome de todas as parroquias tudense e a frecha do Camiño a modo de estrela, o buzón real, un dos vehículos da película Cars transformado en trono, un pergamiño no que deixar desexos, monecos de neve, Rudolf, Frozen, piruletas, un tren, ou unha pedra indicativa do Camiño, son algúns dos motivos que decorarán o Nadal en Tui.

Mercado Sustentable de Nadal

O mércores, 5 de decembro, ás 19 h inaugurarase no Paseo da Corredoira o Mercado Sustentable de Nadal, organizado coma acción de dinamización da economía local e atractivo turístico.

Reunirá do 5 ao 8 de decembro a 40 postos de madeira con carpa tipo jaima cunha cuidada decoración.

Ofrecerá produtos vinculados a estas festas dende gastronomía, agasallos, artesanía... por parte de produtores, artesanos, establecementos... dos que a metade son de Tui e da contorna.

Animación de rúa

As actuacións de Animación de Rúa previstas no Nadal, que serán outro dos pratos fortes deste "Tui Camiño do Nadal, o camiño natural". Ao longo destas datas festivas contarase coas actuacións da Rondalla O Mosteiro de Pexegueiro (1/12), a Banda de Gaitas Lembranzas da Terra de Guillarei (xoves 5/12), grupo folclórico Inquedanzas de Pazos de Reis (venres 6/12), grupo folclórico O Mosteiro de Pexegueiro (sábado 7/12), grupo folclórico Xuntanza de Randufe



e grupo de pandereterías As Dabadías de Caldelas (domingo 8/12), grupo folclórico Santa Columba de Ribadelouro (venres 13/12), grupo de gaitas Seixos Albos de Areas (sábado 14/12), grupo de gaitas e grupo folclóricos San Fins de Rebordáns (domingo 15/12).

No Teatro Municipal celebraranse dous espectáculos musicais.

Con dobre función preséntase o "Conto de Nadal", un evento a cargo da Escola de Danza Paula Cobián e do Coro Mistura Vocal que terá lugar o sábado 21 ás 21 h e o domingo 22 ás 19 h.

E o ano despedirase coa música de catro agrupacións locais: a Banda de Música Popular de Tui e as corais San Telmo, do Centro Sociocomunitario, e Ponte das Febres no Concerto de Fin de Ano o venres, 27 de decembro ás 21 h.

A Biblioteca Municipal dentro

do "Nadal na Biblioteca" acollerá o xoves 19 de decembro un obradoiro de globoflexia, o xoves 26 de decembro Maxia co mago Samuel Moreno, e o xoves 2 de xaneiro o contos para bebés "Os Contos do Chupete". Todas estas citas serán ás 17 h. Amais o sábado, 21 de decembro, ás 21 h, realízase unha visita guiada ao Nadal no Patrimonio Tudense.

Están previstas "Actividades Infantís" os días 23, 26, 27 e 30 de decembro e 2 e 3 de xaneiro. Polas mañás na Sala Xacobeo da Área Panorámica haberá Obradoiro Infantís de 11 a 13 h, e polas tardes na Sala Félix Rodríguez proxección de películas infantís relacionadas co Nadal ás 16.30 h.

A programación pecharase coa "Cabalgata Internacional de Reis" que sairá o domingo, 5 de xaneiro, ás 17 h dende Valença para rematar no Paseo da Corredoira en Tui.

BAIXO MIÑO

TUI

Conmemoración do 97 aniversario dos sucesos de Sobredo

No domingo, día 24 de novembro, realizouse a conmemoración dos sucesos de Sobredo, no seu 97 Aniversario. Os actos desenvólvense, no propio lugar de Sobredo (Guillarei - Tui), a partir das 11:00 horas da mañá, no Campo dos Mártires; lugar onde se ergue o Monumento na memoria de Cándida Rodríguez, de Pazos de Reis (Tui), Xoaquín Estévez, de Soutelo (Salceda), e Venancio González, de Budiño (Salceda), que perderon a súa vida neste sitio, baixo os tiros da Garda Civil, cando se opoñían ao embargo de bens a un veciño que non pagara rendas de foros, un 28 de novembro do ano 1922.

Neste aniversario dirixiuse ao público Carlos Babío Urkidi; investigador e co-autor do libro Meirás, un pazo, un caudillo, un espolio; quen na súa inter-



vención salientou que a recuperación de Sobredo acada unha dimensión, que vai máis alá do sucedido neste lugar; xa que recolle o significado e a memoria de labregos e labregas que morreron cando loitaban pola mellora dos medios de vida e a reivindicación da plena propiedade da terra.

Asistiron ao acto representacións de entidades veciñais do Baixo Miño, O Condado, Val Miñor

e Vigo; así mesmo, concorreron a Alcaldesa de Entidade Local Menor de Camposancos; a Alcaldesa do Concello de Salceda de Caselas; o Alcalde de Tui; e concelleiros de municipios da zona.

O Acto de conmemoración concluíu cunha ofrenda floral no Monumento aos Mártires; unha obra da autoría do escultor Camilo Nogueira, erguida no ano 1932, no décimo aniversario; derrubado no mes de xullo de 1936 e reconstruído en 1988, por iniciativa de entidades veciñais (Asociacións de Veciños, Comunidades de Montes, Culturais; etc.), pasados máis de cincuenta anos do seu derrube; ao ritmo da Antiga marcha do Reino, interpretada polo Grupo de Gaitas "Folheiros"; que así mesmo, tocou o Himno de Galiza.

Cortado un carril e prohibida a circulación a vehículos de máis de 3.500 quilos na Veiga do Louro

Debido ao afundimento da beirarrúa e ao risco de afundimento de parte da calzada véñse de cortar un carril e prohibir a circulación a vehículos de máis de 3.500 quilos na rúa Loureiro, na zona da Veiga do Louro, preto da ponte romana. Dende a fin de semana detectouse xa o afundimento de parte das lousetas da beirarrúa polo que foron colocados valados no perímetro para evitar riscos para os peóns. As choivas e o incremento do caudal do río Louro teñen incrementado o problema. Solicítase circular coa máxima precaución pola zona.

Por outra parte a crecida do río Louro obrigou



tamén a sinalizar un percorrido alternativo para os peregrinos que realizan o Camiño Portugués de Santiago ao seu paso por Tui na parroquia de Ribadelouro a altura da Ponte das Febres.

Tamén dende onte está pechada por seguridade a pasarela de madeira que comunica a Avenida da Concordia e o Paseo da Corredoira cos Xardíns de Troncoso, xa que logo das intensas choivas das últimas xornadas o firme está moi esvaradío e supón un risco para os peóns.

Manel Riveiro
Peluquer@s
Estética
Tattoo Desde 1995
Tel.: 986 621 077
Av. Ordóñez, 27
36750 Goián - TOMIÑO (Pontevedra)

LOS MARTES LOS JUEVES

Pulpo á Feira
PULPEIROS
A RENTEIRO
da Carballiña

TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA
Cólleo con PINZAS - c/leandro diz - porriño

A TABERNA TUI
CALLE MARISTAS

Pulpo á Feira
PULPEIROS
A RENTEIRO
da Carballiña

TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA

M&R
ESTILISTAS

C/ Alcalde Casal Aboy, N°21 Bajo - TUI
myl.tui.estelistas@gmail.com

986 604 444 682 800 754

Alimentación y Carnicerías RODRÍGUEZ

"Servicio a domicilio"

Plaza de Abastos - Telf. 636 22 87 37 - TOMIÑO
Telf. 986 63 31 65 - CURRÁS - TOMIÑO

TUI

«Camiñada Solidaria» de Andatui en favor de SOS Tomiño Baixo Miño

O domingo, 22 de decembro, o club Andatui organiza unha nova edición da 'Camiñada solidaria' a favor de SOS Tomiño Baixo Miño, unha iniciativa que acada xa a súa oitava edición. A saída está prevista para as 10 horas dende o palco da música sito na Corredoira de Tui.

Dende aí, os e as participantes

percorrerán as rúas e prazas do casco antigo de Tui en dirección ao paseo fluvial, para logo cruzar a Ponte Internacional e visitar o interior da muralla de Valença do Minho, punto dende o que se emprenderá novamente o regreso a Tui.

Esta Camiñada Solidaria, cun percorrido de 9 quilómetros e de

difficultade moderada e apta para tódolas persoas.

Dado o carácter solidario deste evento, non é precisa inscrición previa. As e os participantes só deberán presentarse no lugar da saída, a hora indicada (10 h) cun mínimo de 1 quilo de alimentos non perecedoiros que irán destinados a SOS Tomiño Baixo Miño.

Exposición Descubre Sefarad



Do venres, 22 de novembro, e até o sábado 14 de decembro pode visitarse na Sala Municipal de Exposicións do Concello de Tui, no edificio "Francisco Sánchez", a exposición "Descubre Sefarad". A mostra está organizada pola Red de Juderías de España, na que recentemente se ten integrado o Concello de Tui.

Esta exposición realiza un percorrido a través de imaxes polas cidades integradas nesta Red de Juderías de España. Son 24 imaxes de gran formato que capturan a alma das xuderías de cada unha das cidades integradas nesta Rede e que están acompañadas dun pequeno texto que destaca a esencia xudía de cada unha destas localidades.

Tui tinguiuse de negro para conmemorar o 25N

O Concello de Tui adheriuse de novo este ano á campaña "En negro contra as violencias" na que este ano participaron máis de 130 concellos galegos, co obxectivo de fomentar unha acción de sensibilización cidadá contra as violencias machistas no ámbito municipal. Os actos deron comezo o día 25 coa colocación dunha lona na fachada da casa do concello e co reparto de mate-

rial da campaña Tui En Negro entre o comercio, hostalería e centros públicos.

A iniciativa "Tui soña" implicou na sensibilización dende comezos de mes a todos os centros educativos de Infantil e Primaria de Tui, que soñaron "cun mañá mellor a través das voces dos nenos e nenas". Cada centro decorou unha silueta de muller, aportada polo Concello, con frases, debuxos, poesía.

Ademais, a andaina "Camiño á liberdade" contra a violencia de xénero, a lectura dun manifesto, a exposición das siluetas de mulleres da campaña "Tui soña" cos deseños do alumnado e Infantil e Primaria, a actuación musical do alumnado dos centros educativos tudenses e o curso gratuíto "Autodefensa para mulleres ante situacións violentas" constituíron o celme desta celebración reivindicativa.

GOLOSO

Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Oia n 8 - TUI Tel: 886 135 477
661 53 56 75

facebook.com/golosatui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Sucos

A Taberna Tui

TAPAS VARIADAS

TODOS OS XOVES

PULPO A FEIRA

PARA COMER E PARA LEVAR

C/MARISTAS, 26 TUI
TL: 635 50 40 10

Cafe - Bar

SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Pontevedra 10b-Guillarei 34700 -Tui (Pontevedra)

ALMACEN URBANO

Vinos

CASAL ABOY 21B-36700 TUI (PONTEVEDRA)

T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160

info@almacenurbanovinos.es

www.facebook.com/AlmacenUrbano

ACADEMIA

Eis

ORDENADORES • CONSUMIBLES • REPARACIONES

Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI

Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661

eis_academia@hotmail.com

Desde 2011

TUI TE

ESPAÑA

TÉS

ESPECIAS

PLANTAS MEDICINALES

Paseo de la corredora
Calvo Sotelo, 6,
Tui

www.tui-te.es Telf: 986604569 Whatssap 653804040

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Costas do Estado remata a escollera provisional de protección da praia Lamiña-Forte

Despois de case dous anos de xestións por parte do alcalde da Guarda, Antonio Lomba, Costas do Estado acometeu unha escollera provisional que permitirá frear a erosión do litoral mentres se traballa no proxecto definitivo de Estabilización da Marxe do Río na súa Desembocadura.

Dende o Concello da Guarda destacou que esta actuación “evitará o dano irreversible que suporía, previsiblemente neste próximo inverno, a inundación da cova da areeira”, a depresión que se atopa tras



o punto crítico da duna que estaba sufrindo a erosión.

Na actualidade, dende o

concello agardan que remate a redacción do proxecto definitivo de estabilización.

0 BNG reclama máis implicación na loita contra a violencia sexual

O BNG vñen de presentar no concello da Guarda unha moción sobre o 25 de novembro. Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización da violencia machista, queda moito por facer. No ano 2018, rexistráronse en Galiza un total de 540 delitos de tipo sexual, unha agresión e media o día. A Fiscalía Xeral do Estado alerta sobre o aumento da violencia e destes delitos entre a mocidade e relación directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

A OMS define a violencia sexual como calquera acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual ou outro acto dirixido contra a sexualidade dunha persoa

mediante coacción por parte doutra persoa, independentemente da súa relación coa vítima, e en calquera ámbito.

Dende o BNG, reclamamos a introducción no marco legal do concepto do consentimento, máis recursos que garantan espazos adecuados nos xulgados, unidades de valoración forense integrais, atención xurídica e psicolóxica gratuíta e 24 horas, programas específicos de formación para os profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista. En materia de prevención a implantación de contidos de educación afectivo-sexual en todas as etapas do currículo educativo como papel fundamental para superar o papel da pornografía como fonte de información para a mocidade.

Xornadas de reforestación do Camiño

A primeira actividade de «0 Camiño Aguárdate» terá lugar os días 6 e 7 de decembro cunhas Xornadas Medioambientais nas que se inclúen unha andaina guiada entre A Pasaxe e un espazo do Monte Santa Trega onde se realizará unha reforestación, que será a segunda actividade proposta, en colaboración con A Jalleira AFEA e a Comunidade de Montes de Camposancos.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse ata o 5 de decembro enviando un correo a turismo@aguarda.es ou chamando ao 986614546. As prazas son limitadas.



Barferencias ata fin de ano

O pasado xoves día 28 de novembro tivo lugar a primeira Barferencia do ciclo finais 2019 no bar «Bugus Zentral» da Guarda.

Esta primeira Barferencia versou sobre «María Vinyals, unha galega de armas tomar» e correu a cargo de Silvia Cernadas.

María Vinyals (1875-1940?) foi unha das grandes e polifacéticas mulleres que naceron na Galicia do século XIX. Coñecida como a “Marquesa roja” polas súas ideas sociais e políticas, destacou como escritora e feminista pero acabou morrendo na miseria e no esquecemento. Nesta Barferencia falarase desta muller tan venceitada ó castelo de Soutomaior e cuxa vida ben podería ser levada ó mundo do cine ou a televisión.

A ponente encargada deste primeira Barferencia foi Silvia Cernadas Martínez, nada en Soutomaior no ano 1988, é investigadora e Guía oficial de Turismo, Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

Entre as súas principais liñas de investigación destacan a

historia da nobreza e os castelos, especialmente o de Soutomaior, sobre o que versa o seu proxecto de tese de doutoramento; a historia da fronteira con Portugal na Idade Media, que comezou a estudar no seu Traballo de Fin de Máster, e a historia das mulleres na Galicia contemporánea, centrándose na figura de María Vinyals. Ten publicado artigos e participado en varios congresos en relación a todos estes temas.

A segunda Barferencia deste ciclo terá lugar o xoves día 26 de decembro ás 20:30h na «Cervexería La Bodega» e versará sobre «Juan Bautista Alonso Español (1801-1879). Recordando a este deputado á corte da Guarda no 140 aniversario do seu pasamento», a cargo do historiador local Joaquín Miguel Villa.

Dende o Concello da Guarda animase unha vez máis a participar nestas barferencias que ano a ano espertan o interese dos guardeses e foráneos nun clima distendido e de intercambio de coñecementos de gran interese xeral e que conta cunha ampla participación.

VI Trail do Trega



Daniel Pazó y María del Carmen Arias, en la prueba de advance, y David Patiño y Deneb Álvarez, en la de experience, fueron los ganadores del VI Trail do Trega que se desarrolló en el emble-

mático monte Trega de A Guarda. Casi 500 participantes de varias categorías, tomaron parte en unas pruebas que se desarrollaron en un escenario espectacular y al mismo tiempo con bastante dificultad.

A GUARDA

A Guarda recibe 2 flores de honra de Vilas en Flor

O pasado venres día 22 de novembro de 2019 a Concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes e persoal municipal do Concello da Guarda, participaron na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela na entrega dos Galardóns de Vilas en Flor Galicia 2019.

Neste acto A Guarda foi premiada con dúas flores de honra, destacando o enorme potencial que reúne o municipio polo seu emprazamento e o seu patrimonio. Segundo quedou de manifesto o Castelo de Santa Cruz e o Monte de Santa Trega constitúen dous fitos sobre os que se teñen construído grandes actuacións na vila como son o paseo marítimo, a Senda Litoral, o Sendeiro Azul, que permiten conectar a zona urbana coa desembocadura do Río Miño.

Resaltouse o nivel de recursos e a funcionalidade dos espazos axardinados da Guarda, pondo en valor os proxectos realizados recentemente coma o entorno do Castelo de Santa Cruz, a Rúa Concep-



ción Arenal, recuperación das Casas Indianas, entre outras.

Destacouse como bo exemplo o espazo do Centro Cultural e a Biblioteca Municipal, zona axardinado moi preto da Alameda da Guarda.

O ente promotor de Vilas en Flor está formado pola Fundación Juana de Vega, Asvinor e Agaexar, entregando nesta xornada galardóns para

16 municipios galegos.

O xurado visitou previamente A Guarda o pasado 14 de outubro, onde comprobaron «in situ» todo o traballo realizado a nivel medioambiental, a xestión de residuos e a mellora do entorno da vila. Nuns días remitirán un informe no que se indicarán as medidas a tomar para continuar coas melloras da vila.

Ampliado ata o 5 de decembro o prazo de inscrición para o Curso de Adestradores de fútbol na Guarda



O pasado 11 de novembro a Casa do Alonso acolleu a presentación do Curso de Adestradores Nacional C que terá lugar na Guarda.

O Curso que se vai a realizar na Guarda e o Curso de Adestradores de nivel C Uefa, que permite adestrar a todos os equipos de fútbol das categorías Base, titulación mínima esixida e que poden facer todos os interesados ou interesadas sempre e cando teñan máis de 16 anos e que teñan a titulación mínima esixida, ESO ou equivalente.

Este curso realízase na Guarda a petición do Clube Sporting

Guardés, per esténdese tamén aos concellos limítrofes, polo que todos os interesados e interesadas poden inscribirse ata o 5 de decembro a través da web da Federación Galega de Fútbol www.futgal.es no apartado de adestradores. O Curso ten un custo de 200€, reembolsables no caso de que o alumno realice «a posteriori» o Curso de Adestradores de nivel B.

O Concello anima a participar neste curso aos interesados, de cara á profesionalización e formación das persoas que traballan cos deportistas da vila, favorecendo a aposta polos valores na práctica deportiva.



MISCELANEA

Por Manuel Estévez

"Cristo Universal", tríptico do pintor vigués, Xavier Lemos patente na igrexa Santa María A Real, O Cebreiro (Lugo)

Pódese ollar no santuario Monumento Xacobeo de Pedrafita, ata fin de ano

Desde o ano 2016, o pintor vigués Xavier Lemos, traballa nun proxecto plástico que ten como icono a figura de Cristo da Victoria e ata a data pintou un tríptico de grande formato, tres óleos sobre lenzo de 1,95 m x 1,30 m cada un.

"O protector da Ría", o autor quixo reflexar, o conservador da Ría de Vigo que fai posible a unidade dos pobos que a circundan. "Cristo de la Reconquista", outro cadro do mesmo formato, no que mantén a cidade da oliveira por enriba dos franceses e un traballo "Cristo Universal", nunha igrexa cristian con máis humanidade. "O máximo expoñente da relixión católica", segundo verbas do retratista.



Baixo o título de "Cristo Universal", os tres cadros, permanecerán ata fin de ano na igrexa dos séculos IX-X de O Cebreiro, a primeira que visitan os peregrinos en terras de Galiza.

O retrato é o xénero que mellor dominio de Xavier Lemos, testemuña evidente da súa mestría reflexase nos personaxes públicos que o lo longo da traxectoria trasladou os lenzos. O mesmo Xoán Carlos I, Rei Emérito de España; os ex-presidentes do R.C. Celta de Vigo, actual Carlos Mouriño, o anterior Horacio Gómez. Xogadores, Mostovoi e Gudelj, entre outros personaxes públicos, sen esquecer aqueles outros óleos asinados por Lemos Godoy que presidieron o Real Clube Náutico de Vigo ou religiosos, San Ignacio de Loyola, patente na igrexa de dos Xesuítas de Vigo; Escrivá de Balaguer, outrora pendurado no despacho de Monseñor Rouco Varela en Santiago de Compostela; San Martín de Tours na Parroquia de Coia (Vigo); o fundador da Orden do Colexio Amor de Dios, na Avenida de Samil. A toma de posesión do crego, Xoan Carlos de San Miguel de Bouzas, ademais da súa figura aparecen retratados o Bispo, Monseñor Luis Quinteiro Fiuza e o cadro do Papa Francisco na mesma parroquia.

En días recentes, dous óleos de mediano formato, retratos do Papa Francisco e do Reverendo Padre Carballo, Excmo Señor de Belcastro, do berce



natal en terras de Orense, foron enviados Roma, desde o Estudio de Xavier Lemos, os que ocuparán un lugar nos respectivos despachos do Vaticano.

"12.000 Años despois de Cristo", "Festa da Reconquista", exposicións ó longo da súa traxectoria ou a participación no evento colectivo "Vide a degusta-lo con arte", un proxecto plástico itinerante iniciado en O Rosal con motivo de las Festas del Viño, que tivo continuidade polo país veciño e diversos Museos de España, recalando igualmente en Sober, durante a exaltación dos caldos da Ribeira Sacra, con participación de pintores de diferentes países, entre ellos seu pai, inolvidable artista Ánxel Lemos de los Reyes e outros aquí e dacolá que tampouco están.

O fillo, posteriormente pintou diversas obras sobre os caldos vitivinícolas, reunidos baixo o título "O des-

pertar de las viñas", patentes en salas tanto en España como Portugal.

Igoalmente en días recentes pendurou unha obra baixo el título "O despertar das Viñas", no Centro de Interpretación del Viño en Monforte de Lemos.

Na actualidade inmerso nun desafío que ten como icono las pinturas románicas da Igrexa de Ventosa, en terras galegas de Agolada, pertenza a diócese de Lugo, coñecida como a "Catedral del Románico".

Unha vez rematado viaxará por diversas Galerías dos Caminos de Santiago, máis antes, os pelegrins que pasen polas montañas de O Cebreiro, mesmo vecinos, poden ollar o Tríptico, que xa estivo na Capela de San Froilán, na Catedral de Lugo, durante las Fiestas del Patrón da cidade, visitará o vindeiro ano Catedral de Mondoñedo, Concatedral de Vigo ou Capela do Hospital de Cangas do Morrazo.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

“Projeto Onda Verde” promove sessões sobre compostagem nas escolas do Vale do Minho

As turmas que participam no “Projeto Onda Verde no Vale do Minho” receberam um conjunto de sessões informativas sobre a prática de compostagem, dinamizadas pela equipa do CMIA - Centro de Monitorização e Interpretação Ambiental de Viana do Castelo. Dotar as novas gerações de conceitos para a melhoria nesta matéria é a grande prioridade.

De Melgaço a Caminha, as escolas dos cinco concelhos do Vale do Minho acolheram estas sessões transmissoras do saber fazer, com os recursos existentes e a motivação para que toda a comunidade participe. Em algumas escolas há espaços com terra, noutras predominam o cimento e a relva artificial. Há escolas em que da horta se retiram legumes para a sopa, outras que con-



seguem ter apenas um cantinho com aromáticas e flores.

O objetivo destas atividades do Projeto “Onda Verde no Vale do Minho” é mostrar como pode ser feita a Compostagem em ambiente escolar, de forma simples e participativa, envolvendo toda a comunidade educativa e perceber, caso a caso, qual a melhor estratégia para que o processo funcione em cada escola.

Nestas sessões, a equipa

do CMIA - Centro de Monitorização e Interpretação Ambiental de Viana do Castelo, que desenvolve há mais de 10 anos o projeto “Da terra para a Terra”, foi convidada a dar o seu testemunho, uma vez que já disseminaram a temática da Compostagem a quase 20.000 alunos!

A presença e participação de alunos, professores, auxiliares da cantina, pais e avós foi extremamente profícua.

Começaram as obras do emparcelamento agrícola em Moreira e Barroças e Taias

O Emparcelamento Agrícola de Moreira e Barroças e Taias, adjudicado pelo valor de 4.196.954,84 €, IVA incluído, à empresa “Restradas – Revitalização de Estradas do Norte, Lda”, iniciou-se esta segunda-feira, 18 de novembro. Esta manhã, o presidente da Câmara Municipal de Monção, António Barbosa, esteve em Barroças e Taias a acompanhar os primeiros trabalhos. A seu lado, o presidente da junta de freguesia, Almeirindo Marinho.

Na primeira fase, a intervenção incide na limpeza das parcelas, regularização de terrenos e construção/alargamento de caminhos. Na se-

gunda fase, proceder-se-á à plantação de vinha e outras culturas. Não havendo contratempos, este investimento deverá estar concluído no primeiro trimestre de 2022.

Entendido como estruturante para o futuro do setor agrícola/vinícola no concelho de Monção, o projeto de ordenamento fundiário, repartido pelas duas freguesias do Vale do Gadanha, contempla 529 hectares de extensão, dos quais 127 de reconversão de vinha (Alvarinho).

Considerando a sua dimensão, este investimento, ansiado há mais de duas décadas pela população local, resultará num acréscimo produtivo daquela casta nobre e singular, poten-

ciando novos investimentos no setor e chamando novas gerações para a viticultura.

Com o propósito de prestar todas as informações referentes ao projeto fundiário e dissipar eventuais dúvidas das populações locais, realizaram-se, em finais de março, sessões de esclarecimento nas sedes das juntas de freguesia de Moreira e Barroças e Taias.

Desde o dia 11 até ao dia 22, decorrem reuniões para a formalização do requerimento a apresentar à Direção Regional da Agricultura e Pescas do Norte (DRAPN) para dar início ao processo de constituição da(s) junta(s) de agricultores que fará(ão) a gestão do regadio do emparcelamento.

Atividades enriquecem natal das crianças de Monção

A Câmara Municipal de Monção, em parceria com a Associação de Pais/E.E. Deu-la-Deu Martins e Agrupamento de Escolas de Monção, promove, nos dias 18, 19, 20, 26 e 27 de dezembro, um programa de atividades na interrupção letiva de Natal.

As atividades, entre as 9h00 e as 18h00, destinam-se aos alunos do Pré-Escolar e 1º CEB do concelho, sendo implementadas por uma equipa de técnicos especializados com enfoque na realização de iniciativas recreativas/lazer e na promoção de hábitos saudáveis junto das crianças.

As inscrições, abertas desde segunda-feira na Divisão de Educação, Juventude e Recursos Humanos (Biblioteca de Monção), terminam no dia 6 de dezembro. O preço por aluno para os cinco dias, sem incluir o valor da alimentação na cantina da escola, é de 12.50 € (escala A), 18.75 € (escala B) e 25,00 € (sem escala).

Os encarregados de educação podem optar por uma das três escolas (Escola Básica José Pinheiro Gonçalves, em Monção, Escola Básica de Pias, e Escola Básica do Vale do Mouro, em Tangil), responsabilizando-se pela ida e volta dos seus filhos para o local das atividades.

Reflorestar Monção - Plantação de árvores pelos alunos do concelho

Entre os dias 2 e 6 de dezembro, o concelho de Monção recebe uma ação de reflorestação nas zonas mais afetadas pelos incêndios de 2017, contando com a par-

ticipação de 860 alunos e 96 professores e auxiliares de todos os níveis de ensino (público, privado e profissional). Serão plantadas 3 mil árvores autóctones.

Prova solidária S. Silvestre volta a unir Monção e Salvaterra

A Eurocidade Monção – Salvaterra promove no dia 28 de dezembro, sábado, mais uma edição da Prova Solidária S. Silvestre com um percurso de cinco quilómetros pelas ruas e praças das duas localidades fronteiriças ligadas, há mais de duas décadas, por uma ponte internacional sobre o rio Minho.

A partida da prova tem lugar na Praça do Concello, em Salvaterra, pelas 19h00 (HP), e a chegada na Praça Deu-la-Deu, em Monção. Quem quiser participar nesta prova solidária apenas terá de entregar um alimento não perecível que, numa fase posterior, será dis-

tribuído pelas famílias com dificuldades económicas de ambos os municípios.

Pelas 18h30, realiza-se uma Mini S. Silvestre para crianças até aos 12 anos que decorrerá na Praça do Concello, em Salvaterra. A prova tem como objetivo incutir nos mais jovens o gosto por esta iniciativa desportiva e solidária. Nesta edição, os participantes mais idosos (masculino e feminino) receberão um prémio. O mesmo acontecerá com o grupo mais numeroso.

As inscrições estão abertas em <https://cutt.ly/silvestre19> ou, no secretariado, 30 minutos antes do início da prova.



decembro

DOMINGO1

12h Auditorio Municipal. Actuación do coro do colexio Nosa Sra. dos Remedios.

16:30h Carpa Praza Maior. Mercadinho solidario.

17:30h Centro urbano. Espectáculo de rúa "A luz do camiño" e inauguración da iluminación de Nadal.

LUNS2

18:30h Auditorio Municipal, sala multiúsos. "Voces Violetas" Obradoiro para o fomento da educación en igualdade. SX P. Lingüística.

MARTES3

17:30h CEIP Nosa Señora dos Remedios. Formación para profesorado sobre o Trastorno de Espectro Autista.

MÉRCORES4

19h Auditorio Municipal, sala multiúsos. "Coldado coa @" Charla educativa para nais e pais.

XOVES5

18h Auditorio Municipal, sala multiúsos. "Contos do dereito e do revés", con Eli Ríos, SX.P. Lingüística.

19:30h Auditorio Municipal, sala multiúsos. Presentación do libro "La muerte de Marilyn y otros relatos", de Isabel Blanco.

VENRES6

12h Centro Cultural Avisoureira, Guláns. "Mozart á galega" concerto de frauta e trío de cordas, con Luís Soto. Cultura24.

19h Auditorio Municipal. "Mozart á galega" concerto de frauta e trío de cordas, con Luís Soto.

19h Pavillón Municipal "Álvaro Píno". Hóckey. FC Oporto - HC Barcelos. Memorial Kiko Represas. 21h HC Ponteareas - FC Barcelona.

SÁBADO7

De 17 a 19h Carpa Praza Maior. Divernadal, actividades para nenos e nenas.

19h Centro Cultural Imáns Barcia, Padróns. Monólogo de Cándido Pazó. Cultura24.

Pavillón Municipal "Álvaro Píno". Hóckey. Memorial Kiko Represas. 17:30h 3º e 4º posto. 19:30h Final.

DOMINGO8

10h Pavillón Municipal "Álvaro Píno". Hóckey. Memorial Kiko Represas. Torneo Categoría Micros.

18h Auditorio Municipal. "Invisibles", de Redrum Teatro.

18h Casa Cultural de Areas. Concerto da sección infantil da Banda de Música Xuvenil de Xinzo. Cultura24.

MARTES10

19:30h Carpa Praza Maior. Obradoiro de iniciación ao baile tradicional.

VENRES13

16h Carpa Praza Maior. Partida simultánea de xadrez con Yudania Hernández.

16h Venres polo planeta. Acción xuvenil medioambiental.

18h Auditorio Municipal, sala multiúsos. "Onde está Larry?", a cargo de teatro Calevera. Programa Apego.

SÁBADO14

De 17 a 19h Carpa Praza Maior. Divernadal, actividades para nenos e nenas.

20:30h Casa Cultural de Ribadetea. "Queremos casar á fila", a cargo do Grupo de Teatro Pedra do Cabelo de Celeiros. Cultura24.

DOMINGO15

De 11 a 20h Carpa Praza Maior. Mercadinho de Nadal.

Organiza Banestra.

17h Centro Cultural de Celeiros. "Voces de Arrieiro" en concerto. Cultura24.

DOMINGO15

21h Centro Cultural Antorcha de Cristiñade. Actuación da sección xuvenil da Banda de Música Unión de Guláns.

MARTES17

19:30h Carpa Praza Maior. Obradoiro de iniciación ao baile tradicional.

MÉRCORES18

18:30h Auditorio Municipal. Concerto da Banda de Música do Conservatorio Superior de Vigo.

XOVES19

19:30h Auditorio Municipal. Festival de Nadal do Conservatorio de Música de Ponteareas.

VENRES20

19:30h Carpa Praza Maior. Obradoiro de iniciación ao baile tradicional.

21h Auditorio Municipal. "Grison beatbox & Jaime Caravaca". Ciclo de humor Ponte a rir.

SÁBADO21

11h Praza de Abastos. Obradoiro de debuxo. Organiza Banestra.

11h Centro urbano. Visita do Apalpador.

De 17 a 19h Carpa Praza Maior. Divernadal.

18h Salón de Plenos. Presentación do Calendario Galego de Ponteareas.

16:30h Pavillón Municipal Álvaro Píno. Gala de Nadal de patinaxe. Club Patinaxe Luar.

DOMINGO22

18h Auditorio Municipal. II Festival Internacional de Danzas de Reis. Rúada desde o concello ás 17h.

LUNS23

17h Carpa Praza Maior. Animación infantil con inchables. Organiza Banestra.

19:30h Auditorio Municipal. "Lambetadas", de Yalía Teatro.

MARTES24

11h Centro urbano. Animación de rúa coa charanga Os Alecríns.

11h Centro urbano. Visita de Papa Noel. Organiza Banestra.

XOVES26

19h Carpa da Praza Maior. Visita do Apalpador e gran chocolatada.

VENRES27

17h Praza Bugallal. Obradoiro de chapas. Organiza Banestra.

20h Auditorio Municipal. Concerto de Nadal do Obradoiro Vocal A Vila.

SÁBADO28

11h Praza Abastos. Obradoiro de bolachas de Nadal.

12h Carteiro Real. Organiza Banestra.

11:30h Centro urbano. Animación de rúa a cargo da Rondalla de Pontellas.

16:30h Pavillón Álvaro Píno. III Torneo Bádminton Solidario. Club Bádminton Ponteareas.

De 17 a 19h Carpa Praza Maior. Divernadal.

17h Teleclub de Pías. "O carballo con botas", de Anxo Moure. Cultura24.

20h Auditorio Municipal. Concerto benéfico da Banda de Música Unión de Guláns.

DOMINGO29

17h Centro Cultural "Antorcha" de Bugarrin.

Maxia: Ian e Elisa. Cultura24.

18h carpa Praza Maior. Actuación do Mago Marco.

LUNS30

17:30h Auditorio Municipal, sala multiúsos. Cine familiar de Nadal.

MARTES31

11:30h Centro urbano. Animación de rúa coa charanga SDK.

16:45h Praza Maior. VIII San Silvestre Solidaria. Taninos Runners. Animación de rúa coa charanga SDK.

xaneiro

XOVES2

18:30h Biblioteca Municipal. "Contos á luz do Nadal", con Manuel Solá Barragán.

VENRES3

17h Carpa da Praza Maior. Inauguración da pista de Patinaxe.

SÁBADO4

O tren da ilusión.

DOMINGO5

12h Casa do Concello. Recepción dos Reis Magos.

16:30h Animación musical e infantil nas rúas e prazas.

17:30h Gran cabeigata.

LUNS6

O tren da ilusión.

Obradoiros de Nadal. Todos os xoves de decembro, ás 18:30h na Biblioteca Municipal.

Venres polo planeta: Actividade xuvenil de acción e sensibilización desenvolvida polo movemento medioambiental. Máis información: 687 764 516. Programa Apego: Programa familiar de socialización da lingua galega entre os 0 e 6 anos. www.apego.gal

Queres recibir a programación no teu teléfono móbil? Gerdas nos teus contactos o teléfono +34687035487 e a continuación envía un whatsapp coa mensaxe "Wta + o teu nome". Dende ese momento recibirás toda a programación de actividades.



PONTEAREAS
CONCELLO
www.ponteareas.gal

